



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE XANEIRO DE 2012

LICENZAS

DESFAVORABLES.-

LIC/2287/2011.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE, SL.- Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/08 para construción dunha nave sen uso determinado no Polígono Industrial de Costa Vella. Rúa da República Checa, parcela A 117-118-120.

LIC/2290/2011.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE, SL.- Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/08 para construción dunha nave sen uso determinado no Polígono Industrial de Costa Vella. Rúa da República Checa, parcela C (segregación das parcelas 117-118-119-120.)

LIC/2289/2011.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE, SL.- Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/08 para construción dunha nave sen uso determinado no Polígono Industrial de Costa Vella. Rúa da República Checa, parcela D (segregación das parcelas 117-118-119-120.)

LIC/2288/2011.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE, SL.- Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/08 para construción dunha nave sen uso determinado no Polígono Industrial de Costa Vella. Rúa da República Checa, parcela B (segregación das parcelas 117-118-119-120.)

REVOGACIÓN.-

LIC/2076/2010.- JAVIER PÉREZ SILVA.- Revogación da licenza de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Pedrido, Vilvestro.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

LIC/270/2007.- PREDIOS GALLEGOS, S.L.- Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de setembro de 2011, polo que se denega a Predios Gallegos SL licenza para a construción dun edificio na parcela R-3 do Plan Parcial de Fontiñas (-)

PARCELACIÓNS

LIC/2076/2011.- MIGUEL EDREIRA CASTRO.- Parcelación da finca sita en Fonte do Torno (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1923/2011.- ZOAR RESIDENCIAL.- LIC/1493/2011..... DENEGADA.

OCIHR

LICENZAS

LIC/1588/2011.- MARÍA DEL ROSARIO MARTINEZ RISCO.- Reforma dos elementos comúns na rúa das Casas Reais nº12.

LIC/2109/2010.- JESÚS IGLESIAS FERNÁNDEZ.- Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa de San Lourenzo 65.

LIC/1879/2011.- ALFONSO ARMADA COMIN.- Acondicionamento da vivenda situada na rúa do Vilar nº18, 2ºC.

4 a 26.- Propostas da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativas a beneficios fiscais, bonificacións ou exencións no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

27.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á corrección de erro das Bases do V Premio Internacional "Compostela" para Álbums Ilustrados.

Procédese á corrección dun erro na base 10 da convocatoria do devandito premio. O importe do galardón será de 9.000 euros, e non de 12.000 euros, como se aprobara inicialmente.

28.- Dar conta de corrección de erros nos puntos nº 15 e 16 da sesión de data 19.12.2011.

Dáse conta da devandita corrección.

29.- Dar conta da concesión de subvención para o desenvolvemento do programa de prevención de drogodependencias.

Dáse conta da devandita subvención para o desenvolvemento do programa de prevención de drogodependencias "Versión 2.0", que o Concello realizará entre xaneiro e setembro. Está dirixido á poboación xuvenil do municipio e ten como obxectivo a construción de alternativas ao tempo libre tradicional. O orzamento previsto é de 31.995,71 euros, dos que o Ministerio achega 22.369 e o Concello 9.586,71.

URXENCIAS

1. Dáse conta da solicitude da Concellería de Centros Socioculturais á Consellería de Cultura dunha subvención de 801 euros para o programa "Letras Vivas".